



DATOS IDENTIFICATIVOS

Planificación pública do desenvolvemento turístico

Materia	Planificación pública do desenvolvemento turístico			
Código	O04G240V01604			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Profesorado	Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Correo-e	maxose@uvigo.es			
Web	http:// faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>Planificación Pública do Desenvolvemento Turístico é unha materia básica que se imparte no segundo semestre do terceiro curso do Grao en Turismo. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales case 50 son actividades presenciais, mentres que o resto serán actividades non presenciais.</p> <p>Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento do papel das Administracións Públicas no sector turístico. Analizaremos cales son os principios básicos das políticas públicas en relación ó turismo, presentaremos a organización administrativa turística e os principais instrumentos de planificación e xestión turística cos que contan as Administracións Públicas. Finalmente, abordaremos a Análise Custo-Beneficio como técnica de avaliación de proxectos e políticas públicas en relación ó turismo.</p>			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B2	Ser capaz de analizar, sintetizar e administrar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
B10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións
C1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
C2	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto de políticas públicas, estrutura e evolución dos mercados turísticos: relacións nacionais e internacionais.
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
D3	Creatividade

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir coñecementos básicos para entender as competencias e funcionamento das institucións públicas en materia turística.	A1 A3	B3 B8	C1 C2 C10
Recopilar, sínterizar, e analizar información e datos de forma crítica. Elaborar e interpretar indicadores.	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B9 B10	C1 C2 C10
Buscar, seleccionar, ler e comprender bibliografía, e a partir dela elaborar e presentar resultados e informes.	A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B8 B10	C1 C2 C10 D3
Conocer e aplicar técnicas de avaliación de impactos turísticos, así como métodos de análise da viabilidade social de proxectos turísticos.	A1 A2	B1 B2 B9 B10	C2 C10 D3
Conocer os principais instrumentos de planificación e xestión pública do turismo. Ser capaz de analizar o uso destes instrumentos de forma crítica.	A1 A2 A5	B1 B3 B8 B10	C2 C10

Contidos

Tema	
1. Introducción ó papel das administracións públicas no turismo.	Efectos ambientais, sociais e económicos do turismo.O papel da Administración Pública. Principios básicos da intervención pública en turismo.
2. A organización administrativa turística	UE, Estado, CCAA e Administración Local. Distribución de competencias. Cooperación e coordinación.
3. Instrumentos de planificación e xestión turística dende as Administracións Públicas	Concepto e indicadores de Turismo Sostible, Turismo en espazos naturais. Valoración económica de servizos recreativos e impactos ambientais. Impostos turísticos. Planes de Turismo.
4. A Análise Coste-Beneficio de proxectos e políticas públicas en relación ó turismo.	Conceptos básicos da avaliación económica dende a perspectiva pública.Criterios de decisión. Risco. Efectos distributivos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	30	50
Prácticas en aulas informáticas	6	4.5	10.5
Presentacións/exposicións	2.5	5	7.5
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	15	30	45
Probas de tipo test	0	10	10
Traballos e proxectos	0	20	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/o directrices de un traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Prácticas en aulas informáticas	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo, desenvolvidas en aulas de informática.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Resolución de problemas Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe e /ou exercicios de forma desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Apoio ó alumnado tanto de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) como de forma non presencial (a través do correo electrónico ou da plataforma de teledocencia) para a resolución de problemas e/ou exercicios plantexados na aula.
Prácticas en aulas informáticas	Apoio ó alumnado de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) para a análise de datos e elaboración de informes mediante ferramentas informáticas.
Titoría en grupo	Apoio ó alumnado tanto de forma presencial en aula para o seguemento de proxectos e tarefas realizadas en grupo.
Probas	Descrición
Probas de tipo test	Apoio durante as probas de tipo test e despois das mesmas para obter e proporcionar feedback sobre metodoloxía e contidos.
Traballos e proxectos	Apoio ó alumnado tanto de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) como de forma non presencial (a través do correo electrónico ou da plataforma de teledocencia) para a elaboración de traballos de investigación e proxectos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentacións/exposicións	Valorarase a entrega dos informes asociado á realización de traballos e proxectos, así como a calidade da súa presentación e defensa en aula.	5	A1 B5 D3 A4 B7 A5 B9
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Valorarase a capacidade de resolución de problemas, elaboración de informes e indicadores, e aplicación dos coñecementos adquiridos nas clases prácticas.	20	A2 B1 C1 A5 B2 C2 B3 C10 B8 B10
Probas de tipo test	Realizaranse probas tipo test periódicas a través da plataforma de teledocencia para avaliar a comprensión de coñecementos impartidos en clase maxistral e en prácticas	50	A1 B1 C1 A5 B2 C2 B3 C10 B9
Traballos e proxectos	Valorarase a capacidade para buscar información, organizar o tempo e colaborar con equipos para a realización de traballos e proxectos en grupo.	25	A3 B7 C1 D3 B8 C2 B9 C10 B10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá dúas posibilidades de avaliación:

A) A avaliación da materia será continua. O 50% da nota configurarase a partir de exames tipo test sobre os contidos da materia, o 20 % da nota basearase na resolución de exercicios, prácticas, problemas e análise de caso, e o 30 % será a nota dun proxecto en grupo, de obligatoria entrega e exposición. Para superar a materia por avaliación continua é preciso terse presentado a todas as probas, entregar todas as prácticas requiridas e realizar e presentar o proxecto en grupo. O alumnado que supere a materia mediante avaliación continua non precisará presentarse ó exame final da materia.

B) Cando non proceda a avaliación continua (por que o alumno así o teña decidido ou por non ter superado a avaliación continua) realizarase un exame final, que poderá incluír preguntas de tipo test e de resposta curta/problemas sobre o contido das clases maxistras, das prácticas de aula informática, das lecturas e debates e demais exercicios e tarefas do curso. Neste caso a nota da parte test do exame constituirá o 60% da nota final e a parte de resposta curta o 40%. O exame correspondente á segunda e posteriores convocatorias seguirá o mesmo modelo que o exame final (opción B).

Os estudantes que non participen na avaliación continua nin realicen o exame final, figurarán nas actas como non presentados. O alumnado que suspenda a avaliación continua e non se presenten ó exame final, figurará nas actas como suspenso.

O alumnado que aprobe a avaliación continua e desexe subir nota, poderá presentarse ó exame final (nese caso a nota do exame final substituirá a todos os efectos á nota obtida mediante avaliación continua). As datas e horarios das probas de

avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2017-2018.

En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Oriol Miralbell Izard, Ramon Arcarons i Simon, Josep Capellà i Hereu, Francesc González Reverté, Jos, **Gestión Pública del Turismo**, 1ª, UOC, 2010

Bengochea, A., Magadán, M., y Rivas, J., **Actividad turística y medio ambiente**, 1ª, Septem Ediciones, 2006

De Rus., G., **Análisis Coste □ Beneficio. Evaluación Económica de Políticas y Proyectos de Inversión**, 3ª, Ariel, 2008

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Introducción á economía/O04G240V01103

Economía aplicada ao turismo/O04G240V01301

Turismo e desenvolvemento económico territorial/O04G240V01501

Outros comentarios

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirer reaxustes ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir.

Asimesmo, aportarase ó alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.
